

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013314	IES Santiago Basanta Silva	Vilalba	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Filosofía	4º ESO	3	105

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

1. Introducción

A materia de filosofía é unha optativa no curso de 4º da ESO. Se presenta como unha introdución práctica aos problemas filosóficos do ser humano.

Sendo unha optativa ao final da ESO a materia introduce ao alumnado na radicalidade crítica da filosofía cunha perspectiva práctica e lúdica. Se traballara por proxectos e con táboas de indicadores, fomentando o traballo grupal e os procesos de aprendizaxe colaborativo nunha avaliación continua.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, interpretar, producir e transmitir correctamente información relativa a cuestións filosóficas, a partir do emprego contrastado e seguro de fontes, o uso e análise rigorosa delas, e o emprego de procedementos elementais de investigación e comunicación, para xerar e transmitir xuízos e teses persoais, e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma, rigorosa e creativa no ámbito da reflexión filosófica.	1-2-3	1	1	1-3	4	3	3	
OBX2 - Practicar o exercicio do diálogo filosófico de maneira rigorosa, crítica, tolerante e empática, interiorizando as pautas éticas e formais que este require, mediante a participación en actividades grupais e a través da formulación dialóxica das cuestións filosóficas, para promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática.	1-5		1		3	2-3		1-3
OBX3 - Entender o carácter plural das diferentes concepcións, ideas e argumentos en relación cos problemas fundamentais da filosofía, mediante a análise crítica das diversas teses relevantes e dos problemas fundamentais aos que estas responden para comprender as principais e fundamentais teorías filosóficas das máis importantes pensadoras e pensadores.	2-5					1-2-3		2
OBX4 - Comprender e analizar a personalidade humana, establecendo unha aproximación aos estudos da mente e da neurociencia, e vendo as implicacións da motivación, da afectividade e das emocións na súa conformación, a través da investigación e do diálogo entre a filosofía e a ciencia, para comprender e construír discursos sobre a reflexión filosófica acerca do ser humano ao longo da historia do pensamento.	1-2-3-5	1	2-5	1-2-5	3	1-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Coñecer e comprender os conceptos e estruturas básicos da cultura, a sociedade e a socialización reflexionando, en común, sobre a natureza cultural e social do ser humano, oralmente e por escrito, cunha actitude crítica, sendo empáticos, equitativos, mantendo un espírito construtivo e valorando o enriquecemento cultural que supón coñecer as achegas culturais diversas.	1-2-3-5	3	5	3	3-4	1-2-3-4		1
OBX6 - Adquirir unha visión global da racionalidade humana como característica que nos distingue e nos permite situarnos e orientarnos no mundo, comprendendo e analizando as principais teses filosóficas sobre a capacidade que ten a racionalidade de fornecernos dun coñecemento axeitado do mundo, e valorando o ideal de verdade que perseguen as investigacións teóricas, e sêrvelles de guía aos nosos afáns prácticos, para fortalecer no alumnado o espírito crítico e rigoroso á hora de analizar informacións, practicar o diálogo argumentado e adoptar criterios ben fundados á hora de tomar decisións individuais e colectivas.	1-2		4		4-5		3	
OBX7 - Tomar conciencia da centralidade das preguntas metafísicas, ao apuntar directamente á cuestión radical do sentido último da realidade e do papel do ser humano dentro dela, reflexionando de maneira dialóxica e crítica sobre o carácter perenne das preguntas sobre o universo e a natureza, sobre a vida e a morte, sobre o individuo e a historia, e o carácter histórico con que foron e seguen a ser contestadas, para que o alumnado aprecie, valore e se sinta participe do esforzo humano por tentar dar un sentido racional á totalidade que o rodea e á súa mesma existencia	1					3		
OBX8 - Reflexionar e entender a liberdade humana e a súa relación coa vontade, incluíndo o seu tratamento ao longo da historia do pensamento e recoñecendo que está determinada desde varios niveis, para comprender que é condición da creatividade, tamén colaborativa, e para desenvolver desde esta última unha aproximación ao estudo sobre o que é a arte e a beleza.	1-2-5	1		1-2-3	3	1-3	1-3	1-2-3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O saber filosófico	Introdución á orixe e os fundamentos da filosofía.	10	15	X		
2	Quen veño sendo?	Identidade persoal, de xénero e socio-cultural.	20	25	X		
3	Ter ou non ter amigos?	A sociabilidade do ser humano.	20	20		X	
4	Que significa coñecer?	Introdución aos elementos esenciais da teoría do coñecemento ou epistemoloxía.	10	20		X	
5	É real o meu videoxogo?	Introdución aos problemas filosóficos da ontoloxía e/ou metafísica.	20	10			X
6	Son realmente libre?	Introdución aos problemas filosóficos da ética, estética e da filosofía política.	20	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O saber filosófico	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos e recoñecer as funcións da filosofía en canto a saber crítico que aspira a fundamentar, analizar e argumentar sobre os problemas últimos da realidade, desde unha vertente tanto teórica como práctica.	Expresa de xeito oral e/ou escrito o carácter radical da filosofía.	TI	100
CA1.2 - Coñecer a orixe da filosofía occidental distinguíndoa doutros saberes, e comparándoa con distintas formas de pensamento noutras culturas.	Describe por escrito e/ou oralmente os trazos distintivos da orixe da filosofía.		
CA1.3 - Adquirir un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións a que responden.	Articula un ensaio crítico empregando e comparando conceptos filosóficos.		
CA1.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Expón de xeito correcto a información, despois de buscala e analizala, indicando as fontes de información, tanto as dixitais como as procedentes de medios máis tradicionais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Comparte a información que buscou e elaborou no produto final presentado na aula.		
CA1.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	Nos traballos en grupo, intercambia ideas e puntos de vista de xeito construtivo, respectuoso e democrático.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Introducción: radicalidade, problematicidade e universalidade da filosofía. - A filosofía como saber crítico. - Características da filosofía e os seus usos teórico e práctico. - A función da filosofía no conxunto da cultura occidental e o pensamento noutras tradicións culturais. - O contexto do xurdimento da filosofía occidental en Grecia: o paso do mito ao logos e o pensamento sobre a polis. - Breve síntese das grandes épocas da filosofía. - O papel das mulleres na cultura e na filosofía. - O pensamento galego.

UD	Título da UD	Duración
2	Quen veño sendo?	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Achegar unha definición do que é a personalidade, incidindo naquilo que a herdanza xenética e o adquirido teñen que ver na formación desta, recoñecendo os diferentes tipos, e explicando as teses centrais dalgunhas das teorías que a estudaron.	Articula un ensaio crítico empregando e analizando ao menos dúas das teorías da personalidade.	TI	100
CA2.2 - Diferenciar e explicar, desde un punto de vista científico, en que consiste a filosofía da mente, a neurociencia e a neurofilosofía, sobre todo producindo traballos de investigación nos que se preste importancia ás TIC.	Explica de xeito oral e/ou escrito os dilemas fundamentais da filosofía da mente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar e recoñecer a importancia da motivación como factor enerxético e direccional da vida humana, facendo que o alumnado poida diferenciar entre teorías cognitivas da motivación e teorías humanistas.	Recoñece os elementos e as teorías da motivación humana.		
CA2.4 - Reflexionar sobre a importancia da motivación, das emocións e da afectividade, comprendendo, ao mesmo tempo, a relación entre estes aspectos do ser humano e a súa incidencia na conformación da personalidade e na nosa conduta.	Describe, de forma oral ou por escrito, os factores determinantes da personalidade humana.		
CA2.5 - Expoñer a reflexión filosófica sobre o ser humano, analizando as posturas máis representativas da dita reflexión ao longo das diferentes épocas e momentos da historia do pensamento.	Debate con argumentos sobre as diversas posturas filosóficas sobre o ser humano.		
CA2.6 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Expón de xeito correcto a información, despois de buscala e analizala, indicando as fontes de información que emprega nas tarefas individuais e en grupo.		
CA2.7 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Nos traballos en grupo, intercambia ideas de forma construtiva argumentando de xeito oral e por escrito as súas aportacións.		
CA2.8 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	Expón de xeito escrito as diferentes posturas observadas tras o diálogo no que participa dun xeito respectuoso e argumentativo .		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A reflexión sobre o ser humano: a tradición filosófica e a perspectiva científica. - A personalidade. - Teorías e tipos de personalidade. - O biolóxico e o adquirido na formación da personalidade. - Teorías da motivación: o cognitivismo fronte á teoría humanista. - As emocións e a afectividade.

UD	Título da UD	Duración
3	Ter ou non ter amigos?	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e apreciar dous elementos esenciais que constitúen o ser humano, a natureza e a cultura, identificando o papel do biolóxico e do concepto de «cultura» e os seus compoñentes, así como da diversidade cultural.	Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos (natureza ou cultura).	TI	100
CA3.2 - Coñecer e analizar o ser humano como ser social resultado do proceso de socialización, mediante a diferenciación dos elementos e axentes que o levan a cabo, analizando a importancia de cada un deles na formación da nosa personalidade social e moral, e desenvolvendo unhas actitudes positivas e non estereotipadas respecto ao xénero.	Reformula, despois da súa comprensión, textos sobre o proceso de socialización a través dun comentario crítico.		
CA3.3 - Tomar conciencia das distintas explicacións dadas sobre a aparición da sociedade e a formación do Estado, e tamén dos problemas da nosa sociedade actual mediante a discusión e a posta en común das diferentes solucións a eles.	Articula un comentario crítico comparando teorías contrapostas sobre a orixe do estado.		
CA3.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Expón de xeito correcto a información, despois de busca-la e analizala, indicando as fontes de información que emprega nas de aula.		
CA3.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Expón de xeito oral ou por escrito unha reflexión filosófica.		
CA3.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	Nos traballos en grupo, intercambia ideas aportándoas de xeito construtivo e argumentando oralmente e/ou por escrito as ditas aportacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Natureza e cultura no ser humano. - O ser humano como ser social. - Elementos e axentes da socialización.

Contidos

- O proceso de socialización de xénero.
- Sociedade e estado.
- Teorías sobre a orixe da sociedade.
- Teorías sobre a formación do Estado.
- Problemas da sociedade actual e os retos do século XXI.

UD	Título da UD	Duración
4	Que significa coñecer?	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Reflexionar sobre a racionalidade humana, analizando de xeito crítico a súa natureza e a súa relación coas compoñentes afectivas do noso psiquismo, e distinguindo o seu uso no coñecemento teórico do que ten como orientador das nosas accións.	Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos (racionalidade/irracionalidade).	TI	100
CA4.2 - Abordar o problema filosófico do coñecemento, identificando de xeito crítico as ideas e teses máis importantes das distintas escolas filosóficas que reflexionaron sobre a súa natureza, os seus límites e posibilidades, a súa validez e o papel das distintas facultades humanas na súa consecución.	Reformula textos, despois de comprendelos, relacionados co problema e o proceso do coñecemento a través dun comentario crítico.		
CA4.3 - Tomar conciencia da importancia de manter e reforzar o valor da verdade como principio que debe orientar o pensamento e a acción individual e as interaccións sociais, analizando as principais teorías filosóficas que se ocuparon dela, valorando o erro como momento necesario na súa busca e rexeitando a asimilación acrítica de informacións.	Elabora un comentario de texto analizando de forma comparativa, argumentativa e crítica as teorías sobre a verdade.		
CA4.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Expón de xeito correcto a información, despois de busca-la e analizala, indicando as fontes de información que emprega nas tarefas de aula.		
CA4.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Expón de xeito correcto a información, despois de busca-la e analizala, indicando as fontes de información que emprega nas tarefas de aula.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	Nos traballos en grupo, intercambia ideas aportándoas de xeito construtivo e argumentando oralmente e/ou por escrito as ditas aportacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A racionalidade humana. Coñecemento e acción. - Teorías do coñecemento. - A posibilidade do coñecemento e as críticas escépticas e relativistas. - O papel das facultades cognoscitivas: racionalismo, empirismo e criticismo. - A verdade. Características e valor da verdade. - Teorías da verdade.

UD	Título da UD	Duración
5	É real o meu videoxogo?	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Coñecer o significado do termo «metafísica», comprendendo que é a principal disciplina das que compoñen a filosofía, identificando o seu obxectivo fundamental, consistente en realizar preguntas radicais sobre a realidade, e entendendo en que consiste o «preguntar radical».	Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos (realidade/nada).	TI	100
CA5.2 - Comprender e coñecer algunhas das grandes preguntas metafísicas acerca da natureza: a orixe e a finalidade do Universo, a orde que rexe a natureza ou a oposición entre as visións determinista e indeterminista da natureza e as consecuencias que derivan de cada unha delas, a través da comparación, análise e contraposición de distintas respostas que se lle deron a estas cuestións ao longo da historia.	Reformula, despois de comprendelos, textos sobre a orixe e a finalidade da realidade a través dun comentario crítico.		
CA5.3 - Reflexionar sobre a interrogación polo sentido da existencia, explicando as teses centrais dalgunhas teorías filosóficas sobre a vida, por medio de disertacións razoadas sobre a vida e a morte, o devir histórico e o lugar do individuo na realidade, entre outras cuestións metafísicas.	Expón, oralmente ou por escrito, teorías contrapostas sobre o sentido da existencia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Expón de xeito correcto a información, despois de buscala e analizala, indicando as fontes de información que emprega nas tarefas de aula.		
CA5.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Elabora individualmente e/ou en grupo unha presentación dun traballo seguindo as indicacións da táboa de indicadores facilitada.		
CA5.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	Nos traballos en grupo, intercambia ideas aportándoas de xeito construtivo e argumentando oralmente e/ou por escrito as ditas aportacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A metafísica e a pregunta polo ser das cousas. - Cosmoxía e filosofía da natureza. - A natureza e o cosmos. Respostas ás preguntas pola orixe e a finalidade do cosmos. - Determinismo e indeterminismo físicos. - O sentido da existencia humana. - A vida e a morte como problemas metafísicos. - O lugar do ser humano no mundo. - O sentido da historia.

UD	Título da UD	Duración
6	Son realmente libre?	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Comprender, dentro do marco xeral da liberdade, que é o libre albedrío, ou a liberdade interior, en relación coa facultade da vontade, coa autonomía e coa responsabilidade persoais, reflexionando ao mesmo tempo sobre a existencia do determinismo e analizando a posibilidade que ten o ser humano de ser libre.	Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos (liberdade/determinismo).	TI	100
CA6.2 - Recoñecer e ser quen de expoñer e de explicar diferentes posturas filosóficas sobre a liberdade da acción ao longo das diferentes épocas e momentos da historia do pensamento.	Reformula, despois da súa comprensión, textos sobre a liberdade a través dun comentario crítico.		
CA6.3 - Coñecer a estética como a parte da filosofía que estuda a beleza, o proceso creativo e a produción artística.	Reformula, despois da súa comprensión, textos sobre a beleza e a arte a través dun comentario crítico.		
CA6.4 - Valorar a liberdade como condición básica para a creatividade humana.	Analiza oralmente e/ou por escrito os factores da creatividade artística.		
CA6.5 - Entender a capacidade humana da creatividade como un proceso de innovación e de asunción de riscos, en relación coa imaxinación, estudando as fases do proceso creativo e as técnicas de desenvolvemento da creatividade, e apreciando a importancia da colaboración creativa.	Presenta oralmente e/ou por escrito, despois de realizar unha investigación, o proceso creativo na figura dunha artista viva galega contemporánea.		
CA6.6 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Expón de xeito correcto a información, despois de buscala e analizala, indicando as fontes de información que emprega nas tarefas de aula.		
CA6.7 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Elabora oralmente e/ou por escrito unha presentación seguindo as pautas da táboa de indicadores facilitada.		
CA6.8 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	Nos traballos en grupo, intercambia ideas aportando de xeito construtivo e argumentando oralmente e/ou por escrito as súas aportacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A liberdade e o libre arbitrio: vontade, autonomía e responsabilidade. Posturas filosóficas sobre a liberdade de acción. - Determinismo e liberdade. - Liberdade e creatividade: a liberdade como condición da creatividade.

Contidos

- A arte e a procura da beleza.
- A creatividade humana: imaxinación, innovación e asunción de riscos.
- Técnicas e fases do proceso creativo.
- Creación colaborativa.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia optativa de Filosofía en 4º da educación secundaria obrigatoria ten un carácter práctico, crítico e lúdico que fan que a metodoloxía da materia se oriente ao traballo con proxectos, tanto individuais como en grupo:

- Práctico, dado que coa adquisición das ferramentas propias da disciplina búscase contribuír a unha comprensión activa das grandes cuestións coas que a humanidade se leva interrogando desde sempre.
- Crítica, porque só coas ferramentas filosóficas se acerca unha radicalidade (enraizamento) non egocéntrica, androcéntrica ou europocéntrica.
- Lúdico e entretido, porque busca que o alumnado adquira unha perspectiva crítica aos grandes problemas contemporáneos.

As orientacións metodolóxicas propostas a continuación apuntan á potenciación e a consolidación das competencias clave traballadas xa en cursos anteriores. De acordo con este criterio, a metodoloxía concreta empregadas polo profesorado nesta materia deberá orientarse a:

- Potenciar unha autonomía progresiva, por parte do alumnado, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións e problemas propostos.
- Promover o diálogo e o debate horizontal entre iguais como medio para desenvolver estratexias de conceptualización, información e comunicación intelectual.
- Manter un modelo de aprendizaxe funcional no que as nocións que se adquiren se apliquen á vida real ou virtual.
- Promover a lectura e a análise de textos, así como a composición de textos propios e exposicións orais e escritas.
- Normalizar o uso de vocabulario técnico específico e esixir uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa, tanto nas producións orais coma nas escritas.
- Manter unha perspectiva histórica que permita rastrexar as orixes das cuestións sometidas a elaboración, análise ou debate.
- Ofrecer instrumentos e estratexias de autoanálise e autoavaliación para detectar os avances e as carencias no proceso de aprendizaxe.
- Actuar seguindo pautas de estándares profesionais na esixencia do traballo individual e colectivo: puntualidade, dedicación, actitude, rendemento, seguimento das instrucións de traballo, resultados materiais e formais etc.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos da persoa docente
Libro de texto
Libros e materias de lectura
Ordenador, proxector, equipo de son, e conexión a internet

Aula virtual da materia

Dossier filosófico

En relación aos materiais e recursos, recóllense as seguintes indicacións:

- Cada sesión terá lugar nunha aula do centro que teña un ordenador conectado a internet e unha pantalla con proxector e equipo de son.
- Os pupitres e cadeiras individuais servirán tanto para o traballo individual como para conformar diversos grupos segundo as necesidades de cada unidade didáctica.
- En cada aula usaranse os apuntamentos ou o libro de texto, folios para escribir e diversos documentos impresos entregados ao longo do curso: textos, mapas conceptuais, fotocopias con actividades diversas etc.
- O libro de texto e os apuntamentos da persoa docente servirán de base ao traballo da materia. Os libros e materias de lectura (artigos) utilizaranse para afianzar conceptos, ofrecer exemplos e ofertar lecturas adicionais ou voluntarias. O dossier servirá a modo de repositorio que elaborará o alumnado ao longo do curso.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante os primeiros días do mes de setembro, preferiblemente antes do comezo da actividade lectiva, realizarase un rexistro de información relevante sobre o alumnado matriculado na materia en relación aos seguintes aspectos:

- Cualificacións do curso anterior.
- Materias pendentes ou, no seu caso, repetición de curso.
- Necesidades educativas especiais ou análogas.
- Outros aspectos de importancia que poidan afectar ao proceso de aprendizaxe.

Nos primeiros días de clase, o alumnado realizará unha proba escrita inicial que consistirá na lectura dun texto básico de filosofía con cuestións e un comentario crítico. Buscarase determinar tanto a comprensión lectora, a expresión escrita como o grao de familiaridade cos conceptos filosóficos. Da mesma forma, servirá para avaliar tanto os coñecementos previos do alumnado como a súa capacidade na expresión escrita, en canto claridade e rigor.

A reunión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de orientación, así como a información aportada pola persoa titora do grupo, axudará a completar a información recollida e poñela en común.

Unha vez analizada toda a información, adoptaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuír o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribuír as unidades didácticas, organización da avaliación...

En calquera caso, durante a primeira sesión de cada unidade didáctica avaliarase a situación de partida de todo o alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	20	20	10	20	20	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

Procedementos que se van a empregar:

Valorarase o traballo do alumnado tanto na aula como na clase. A tal efecto, controlarase a realización de tarefas, a exposición de traballos, a participación na aula e o caderno de clase (orde, corrección, etc.)

Faranse dúas probas escritas por trimestre (unha por cada unidade didáctica).

Instrumentos que se van a empregar:

Caderno de aula.

Probas escritas.

Exposición de traballos.

Periodicidade coa que se farán probas escritas (cada cantos temas, cantas por trimestre ou avaliación, etc.)

Realizarase dúas probas escritas por avaliación, como está previsto na temporalización, de non poder darse toda a materia impartida, realizarase a proba tendo en conta o dado ata ese momento.

Como se cualifican as probas, os traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase, a observación do traballo na aula (ponderación, redondeo...)

Nas probas escritas sobre a materia estudada, valorarase a madurez, coherencia, corrección lingüística e contidos. As probas escritas versarán sobre: análises e comentarios de textos, desenvolvemento dun tema, resolución de exercicios, respostas a preguntas ou cuestións, explicación de imaxes en relación coa teoría dada.

Nos traballos escritos, individuais ou en grupo (sobre determinados temas ou aspectos de interese dentro do programa), buscarase a claridade, calidade e corrección, e a súa relación coa materia impartida.

Con respecto ao traballo no caderno farase unha supervisión periódica na aula da realización dos exercicios mediante preguntas e exposición. Non se valorará só o seu acerto ou perfección, senón, sobre todo, o seu "traballo", a orde e a claridade. A profesora recollerá no seu caderno de notas a observación sistemática e rexistro de actitudes antes mencionadas.

Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións (ponderación, redondeo...)

As probas escritas computarán o 70% da nota trimestral (cada unha delas avaliarase dende 0 a 10 podendo expresarse ata 2 decimais) .O traballo diario computará un 30% da nota trimestral. Dentro do traballo diario teranse en conta as seguintes cuestións: entrega e valoración de traballos obrigatorios individuais ou colectivos (sínteses, esquemas, traballos de investigación, traballos sobre películas, documentais ou sobre algunha lectura obrigatoria.

A cualificación obtida en cada trimestre redondearase, de ser o caso, de xeito que os dous decimais se asimilarán ao enteiro superior se o seu valor é 0,50 ou superior e ao anterior nos restantes casos.

Para todos os alumnos de Filosofía de 4º de ESO, copiar, falar... e calquera tipo de fraude nunha proba implicará que esta sexa cualificada con cero.

CUALIFICACIÓN FINAL:

A cualificación final da materia realizarase calculando as valoracións en cada unha das unidades didácticas avaliadas por trimestre en relación á porcentaxe indicada en Proens para cada unidade didáctica sobre o total da materia. Polo tanto, para este cálculo empregaranse as cualificacións obtidas na materia nas distintas unidades didácticas (e non as que indican os boletíns de cualificación nin os redondeos aplicados).

Cando a cualificación final obtida fora un resultado con decimais, por defecto aplicaranse os seguintes criterios (no seu caso, se tras a análise da persoa docente e/ou do conxunto da xunta de avaliación a progresión da/o alumna/o determina a conveniencia de non aplicar o seguinte por defecto -no caso de decimais entre 0 e 49-, atendendo a razóns pedagóxicas, serán esas razóns as que prevalecerán na decisión da cualificación final que se concrete):

- se o decimal está entre 0 e 49, o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais;
- se o decimal está entre 5 e 99 o numero enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

A materia enténdese superada cando se acada unha cualificación igual ou superior a 5 puntos ao calcular a media da puntuación de todas as unidades didácticas do curso.

Criterios de recuperación:

En relación aos criterios de recuperación da materia para aquel alumnado que non supere algún ou todos os trimestres, o criterio inicial será o de que a alumna ou o alumno só terá que recuperar aquela parte ou partes da unidade didáctica non superadas e non repetir todas as aprendizaxes xa acadadas. Polo tanto, a partires desta premisa, establécense dúas liñas de actuación:

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN AO LONGO DOS TRIMESTRES

O procedemento de recuperación será por trimestre a través da posibilidade refacer traballos non superados ou unha proba, a determinar polo profesorado do departamento no caso de ter que ter en conta algunha cuestión concreta

para favorecer a adaptación do alumnado.

Cando un alumno/a teña dúas ou tres avaliacións suspensas, terá a oportunidade de facer unha proba a final de curso baseada en criterios mínimos de aceptación das unidades correspondentes. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

No mes de xuño darase prioridade á realización de actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado con contidos sen superar e preparación da proba de recuperación final.

O alumnado que si teña superada a materia nese mesmo período fará actividades de apoio, reforzo, recuperación ou ampliación.

O alumnado poderá recuperar ou incluso subir a súa cualificación para unha unidade didáctica en calquera momento do curso seguindo as indicacións que o profesorado faga chegar a cada alumna e a cada alumno. Polo tanto, pódense dar dous escenarios posibles:

- Antes de que se realice a cualificación do trimestre: o alumnado que non supera unha unidade didáctica (ou que a supera pero quere mellorar a súa cualificación) recibirá as indicacións oportunas do profesorado a través dun plan de recuperación específico e poderá subir a súa cualificación, que se reflectirá xa na súa cualificación dese trimestre (o mesmo sucederá co alumnado interesado en subir a súa cualificación).

- Unha vez realizada a cualificación do trimestre: o alumnado que non supera unha unidade didáctica (ou que a supera pero quere mellorar a súa cualificación) recibirá as indicacións oportunas do profesorado a través dun plan de recuperación específico e poderá subir a súa cualificación ao longo do resto de trimestres; unha vez acadada unha mellor cualificación, o profesorado a comunicará á alumna ou o alumno e á persoa titora na xunta de avaliación correspondente e a tomará en conta para realizar o recálculo da cualificación do trimestre e, en especial, recálculo que será o referente á hora de realizar a avaliación final da materia (o mesmo sucederá co alumnado interesado en subir a súa cualificación).

Ao final do trimestre, o profesorado remitirá un informe individualizado á persoa titora para que o faga chegar ás familias no que se indique o plan de recuperación da materia específico para a alumna ou para o alumno sobre o que se leve traballado ao longo do curso.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN AO FINAL DE CURSO SOBRE O TOTAL DA MATERIA

O alumnado que non superou algún dos trimestres do curso nesta materia e que pese a recibir un plan específico de recuperación dese/s trimestre/s ao longo do curso non o recuperou, terá un prazo específico de 15 días (os primeiros 15 días de xuño) para acadar as aprendizaxes non superadas seguindo o plan de recuperación que terá como referente os mínimos de consecución da materia e que se entregará a finais do mes de maio. O alumnado terá que superar a/s unidade/s didáctica/s non superada/s nese trimestre (non as que xa superara). Indicaráselle, polo tanto, as tarefas que se deben realizar que, de forma xeral, serán as que non se superaron en cada unidade didáctica e trimestre.

No caso de recuperar algunha das aprendizaxes, aplicarase a mellora na cualificación correspondente por unidade didáctica e trimestre e esas novas cualificacións serán as que se empreguen para obter a cualificación final da materia. A materia enténdese superada cando se acada unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

Do mesmo xeito, procederase no caso de alumnado interesado en mellorar a cualificación das súas aprendizaxes pese a que xa obtivera un resultado positivo.

6. Medidas de atención á diversidade

O proceso de ensino e aprendizaxe da filosofía debe tamén individualizarse a cada alumnado. Por ese motivo, as medidas de atención a diversidade son actuacións, estratexias e/ou programas destinadas a proporcionar unha resposta ás necesidades educativas do alumnado (artigo 7 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación).

Na avaliación previa, e en coordinación coa xunta de avaliación e o Departamento de orientación, desenvolveranse as seguintes medidas no caso de ser precisas:

MEDIDAS ORDINARIAS

Facilitan a adecuación do currículo sen alteracións significativas dos obxectivos, os contidos nin os criterios de avaliación; e dan resposta ás diferenzas en competencias, motivación, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe. Sinálanse as seguintes:

- 1) Adaptación da xestión da aula ás características concretas da alumnado, favorecendo o acceso aos recursos e mellorando a convivencia.
- 2) Adecuación da programación ao alumnado e as circunstancias da súa contorna. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do

deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.

- 3) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, e aprendizaxes por proxectos.
- 4) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como a forma de comunicación co alumnado, a secuenciación de tarefas, a verificación da comprensión das tarefas, a dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, e a concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
- 5) Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.
- 6) Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
- 7) Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Deseñadas para atender necesidades específicas de apoio que requiran modificacións significativas do currículo ou supoñan unha modificación organizativa ou ben do xeito de acceder a este ou da modalidade de escolarización. Aplicaranse cando as ordinarias sexan insuficientes ou se demostren esgotadas. Son casos nos que existen barreiras significativas que impiden conseguir os obxectivos esperados (atraso madurativo, trastornos do desenvolvemento relacionados coa linguaxe e/ou comunicación, descoñecemento da/s lingua/s de aprendizaxe, vulnerabilidade socio-educativa, e altas capacidades entre outras).

A persoa docente, coordinada polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do Departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación, e adoptará medidas que promovan a súa inclusión. En colaboración coa persoa titora e o Departamento de orientación farase unha planificación e un desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Proponanse medidas de reforzo individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para alumnado que presente dificultades na adquisición das competencias clave; e todo ese material estará dispoñible a través da aula virtual.

Proponanse diferentes canles para a presentación das tarefas.

Para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo deseñaranse, de xeito específico, actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...) así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, formularanse de xeito máis directo e estarán compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas (sempre coa finalidade de potenciar o espírito crítico e a autonomía do alumnado, aspectos que son propios da filosofía). Todo isto sen prexuízo de que, a medida que avance o curso, se poidan detectar necesidades específicas noutro alumnado establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos. Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Procurarase que sexan actividades motivadoras que, en todo caso, vaian máis aló dos mínimos de consecución da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como na interrelación dos diferentes contidos. Nas actividades voluntarias especificadas na metodoloxía ofreceranse este tipo de reforzos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A educación emocional	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.4 - A comunicación audiovisual					X	
ET.5 - A competencia dixital					X	
ET.6 - A creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.7 - O emprendemento social e empresarial					X	
ET.8 - O espírito científico	X					
ET.9 - O espírito crítico	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A educación en valores	X	X	X	X	X	X
ET.11 - A educación para a saúde						X
ET.12 - A educación afectivo-sexual		X				
ET.13 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.14 - A igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X
ET.15 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.16 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X	X	X	X	X	X
ET.17 - A formación estética	X					
ET.18 - A conciencia e formación sobre o cambio climático		X				X
ET.19 - Educación para a sustentabilidade		X				
ET.20 - A educación para o consumo responsable		X				
ET.21 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.22 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito	X	X	X	X	X	X
ET.23 - Respecto mutuo	X	X	X	X	X	X
ET.24 - A cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A materia de Filosofía debe acabar por ser un instrumento clave na consecución dos elementos transversais recollidos no currículo da etapa. Ao promover o espírito crítico para adquirir ferramentas teóricas e prácticas no uso autónomo da razón do alumnado contribúe explicitamente, como se ven especificando en todos os apartados desta programación, nesta transversalidade.

A educación emocional en valores democráticos será respectuosa coa diversidade e consciente da discriminacións (eurocentrismo, machismo, racismo...), por iso a metodoloxía de traballo en grupos e por proxectos será clave en todo o proceso de ensino e aprendizaxe.

A filosofía se fundamenta nos textos e as ferramentas de lectura e no comentario crítico de todos eles. O uso de ferramentas dixitais e a alfabetización no uso de buscadores en internet serán outros dos piares fundamentais da materia.

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentarase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual), a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e toda referencia de contido sexista, así como todo o que supoña discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Olimpíada filosófica	Presentación do alumnado á Olimpíada filosófica.		X	X
Charlas ou webinarios filosóficos	Reunións interactivas ou presencias con persoas relacionadas co mundo da filosofía.	X	X	X

Observacións:

En relación a estas propostas indicar:

RESPECTO ÁS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, DESDE O DEPARTAMENTO PROPÓÑENSE DISTINTAS VIAXES E ACTIVIDADES CULTURAIS (COMO VISITAS A EXPOSICIÓNS, CONFERENCIAS E CHARLAS) QUE TEÑAN RELACIÓN COS CONTIDOS TRATADOS NA MATERIA AO LONGO DO CURSO. PODERÁN TER LUGAR, EN CALQUER NIVEL NO CAL O DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA IMPARTE CLASES E EN CALQUERA TRIMESTRE DO CURSO.

Por outra parte, colaboraremos e participaremos nas actividades complementarias e extraescolares desenvolvidas no centro que contribúan ao desenvolvemento de calquera das competencias do noso alumnado, nomeadamente as organizadas polo Departamento de Orientación (charlas informativas, visitas culturais, etc.), a Dinamización da Igualdade (actividades de conmemoración do 25N e do 8M, etc) o Proxecto Lector e a Biblioteca.

PROPORASE TAMÉN A POSIBILIDADE DE POÑER EN MARCHA UNHA ACTIVIDADE EXTRAESCOLAR, UN CINEFÓRUM, QUE FACILITE O VISIONADO E POSTERIOR COMENTARIO, DE PELÍCULAS DE INTERESE PARA DESENVOLVER OS DIFERENTES CONTIDOS DO CURRÍCULO NAS TARDES DE MÉRCORES, DE 16 H. A 18 H., NO SALÓN DE ACTOS DO INSTITUTO. DITA ACTIVIDADE TERÁ CARÁCTER VOLUNTARIO E NON SERÁ AVALIABLE.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do deseño e o desenvolvemento das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
O plan establecido para as avaliacións inicial, trimestral e final, así como para a recuperación da materia adecúase ás necesidades do proceso de ensino e aprendizaxe.
Metodoloxía empregada
Adecuación da secuencia de traballo na aula ao alumnado.
Promóvese o traballo colaborativo e en equipo respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilízanse recursos didácticos variados para a presentación de contidos e para a práctica do alumnado.
Organízase o espazo físico da aula en función das actividades a realizar.
Medidas de atención á diversidade
Adáptanse os tempos ás necesidades do alumnado tanto na realización das tarefas como na avaliación.
Utilízanse as alternativas metodolóxicas que mellor se adaptan á construción que cada alumna/o fai na súa aprendizaxe.
Clima de traballo na aula
Aprovéitase o interese do alumnado por un tema determinado para utilizalo como centro de interese.
Proporciónanse ao alumnado as táboas de indicadores de avaliación para que saiban como e de que se lles vai a avaliar.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Realízase unha coordinación periódica co resto do profesorado do grupo.
Infórmase periodicamente ás familias do progreso académico do alumnado.

Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación debe permitir detectar necesidades e buscar o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

Propóñense uns aspectos da programación e do procedemento de ensino-aprendizaxe e uns indicadores, que a persoa docente pode avaliar, escollendo os instrumentos que considere máis axeitados (cuestionarios, listaxes de control ou rexistro de datos, entrevistas, observador externo... ou ben comparar a experiencia con outras compañeiras e compañeiros docentes). Nesta proposta poden suprimirse puntos e engadirse outros que a persoa docente considere.

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente, polo menos, unha vez ao mes. Deixarase constancia da dita avaliación así como das posibles modificacións ou propostas de mellora nas correspondentes actas mensuais de departamento.

Xunto co anterior, de ser posible, farase unha avaliación trimestral dos indicadores de logro sinalados, de cara a ter unha información concreta e fiable sobre o proceso do ensino e a practica docente. Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación (enquisas, listas de control, actas de avaliación...) e os resultados obtidos se incluírán, no seu caso, nas correspondentes actas de departamento.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre e incluírá, cando menos, dous bloques de preguntas: un para avaliar o proceso de ensino e outro para avaliar a práctica docente. Os resultados desta avaliación se incorporarán á memoria final do departamento.

En relación aos indicadores de logro:

- Temporalización da programación e das unidades didácticas. Mediante unha listaxe de control reflectirase se a temporalización foi axustada e houbo tempo de levar a cabo tanto as unidades didácticas como a programación xeral.

- Deseño e desenvolvemento das unidades didácticas. Avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Utilizaranse dous instrumentos de avaliación: unha enquisa ao alumnado de cada grupo; e unha reflexión persoal do docente baseada na experiencia co grupo e no rexistro diario de clase. O 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntúa con 3 ou máis este apartado.

- Uso correcto e axeitado dos materiais destinados ao desenvolvemento das clases. Mediante unha listaxe de incidencias controlárase e valorárase o uso do material recollendo aspectos como uso e abuso do material por grupo, material que precisa cambio ou renovación, material desaparecido ou inutilizado...

- Faise seguimento dos mecanismos de reforzo para o alumnado con dificultades de aprendizaxe. Mensualmente no departamento didáctico analizaranse, por parte do profesorado, o desenvolvemento das distintas medidas de atención á diversidade de cara a realizar os axustes necesarios.

- Rendemento do alumnado e resultados de aprendizaxe. Análise dos resultados obtidos na avaliación final. O 80% do alumnado aproba a materia.

- Motivación do alumnado, ambiente nas sesións e actuación persoal da persoa docente. Avaliarase a través dunha enquisa ao alumnado, mediante a reflexión persoal da persoa docente baseada no rexistro diario de clase e cun feed-back obtido das entrevistas ou tutorías coas familias. O 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntúa con 3 ou máis este apartado.

- Información ao alumnado e as familias da programación. Mediante unha listaxe de control avaliarase se alumnado e familias foron informados en tempo e forma do contido desta programación didáctica a través da páxina web do centro. Ademais, controlarase se o alumnado tivo unha información constante ao longo do curso do relativo ao desenvolvemento da mesma.

Os resultados desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para avaliar procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así facer as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerá un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

O seguimento da programación didáctica levarase a cabo a través da aplicación Proens, cando menos, unha vez ao mes. Cómpre destacar a importancia da valoración dos datos recollidos na programación de aula de cara a comprobar o desenvolvemento da actividade lectiva (esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación).

Este procedemento terá en conta os seguintes puntos:

1. Analizarase regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso. Terase en conta, cando menos, informar sobre o seguinte:

- Unidades didácticas: datas de inicio e fin, número de sesións previstas e realizadas.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Analizaranse as dificultades atopadas no alumnado. Valorarase se os resultados son positivos (continuarase na mesma liña de traballo) ou negativos (realizaranse propostas de mellora).

3. Realizaranse propostas de mellora. Revisaranse as necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, adaptación curricular etc.) tomando como referencia a información obtida de aplicar indicadores como:

- O ofrecemento ao alumnado, de forma individualizada, das explicacións que precise.
- A elaboración das actividades atendendo ás dificultades observadas.
- A proposta de probas de avaliación de distinta dificultade.
- O comentario co alumnado dos erros máis significativos dos traballos realizados.

4. Os instrumentos que se empreguen serán variados, entre os que poden estar:

- Folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables.
- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

A información que se obteña incluírase na memoria final do departamento, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico. As ditas propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e mesmo poderán poñerse en práctica aquelas propostas de mellora identificadas durante o seguimento susceptibles de aplicación no curso actual.

9. Outros apartados